

NOVAS PRIMAVERA MESÍA



MULLER

Ciclo de Obradoiros "EMOCIÓN E AUTOESTIMA"

Presentamos un ciclo de charlas - obradoiros para xestionar o estrés, aprender a relaxarnos, a querernos...

Público obxectivo: De 16 anos en adiante.

A primeira quedada para mellorar a nosa saúde mental será o mércores **8 de marzo** ás 18:00 h na Casa da Cultura: "**OBRAIDRO DE AUTOESTIMA**" impartido pola Psicóloga Olalla Rodríguez.

Inscricións: ata o **6 de marzo** na Casa da Cultura.

Concurso: CÓNTANO ELAS

Características da actividade: En marzo teredes tempo a facer protagonista dunha historia a muller que vós queirades. Ten que ser real, pero non famosa. Nela podedes contar aspectos de como vivían antes, da historia que a marcou ou aquilo que a fixo máis feliz...

Idades: Dende 4º de primaria en adiante.

Bases: Na web do concello www.concellodemesia.gal

Prazo: Ata o **20 de marzo** na Casa da Cultura.

Taller de corresponsabilidade:

COCIÑA PARA CRIANZAS E RAPAZADA (10-17 anos)

Día: venres **17 de marzo** (17:30 a 19:00 horas)

Lugar: Casa da Cultura (Xanceda).

Características da actividade:

Poñemos o mandil e aló imos!

Se é cousa de todos/as, aprendamos xuntos/as!

Poden anotarse nenos/as e rapaces/zas de 10 a 17 anos. Mínimo 8 persoas. (pode facerse máis dun grupo)

Inscricións: Ata o luns **13 de marzo** chamando ó **981 687 241** ou **981 687 001 Ext 3**. Prazas limitadas, por orde de inscrición (preferencia persoas empadroadas).

Saída TEATRO e CEA

Día e horarios: sábado 11 de marzo

19:00 Saída da Praza do concello

20:30 Obra no Teatro Rosalía de Castro: Tercer cuerpo (La historia de un intento absurdo). Trama: Unha oficina destartada, a casa dunha parella, un bar e un consultorio médico. Diferentes sitios onde se conxugan as vidas de cinco personaxes. Úneos a soidade, a incompreensión e a necesidade de amar.

22:15 Cena no Mesón A Roda.

Prazo: 30 € (incluída cena, teatro e bus).

Prazas: limitadas.

Inscricións: Ata o **7 de marzo**.

Presentación DISCO "MAR DE FÓRA"

Día: venres 31 de marzo

Horario: 21:00 h.

Lugar e aviso de asistencia: Casa da Cultura.

Bea a de Estrella, cantautora con raíces en Xanceda, virá presentar o seu disco "Mar de fóra" con un concerto en directo.

SEMANA SANTA

CAMPAMENTO DE CONCILIACIÓN

Días: 3, 4, 5 e 10 de abril de 2023.

Horario: De 09:00 a 14:00 h.

Lugar: Casa da Cultura de Xanceda.

Idades: 3 a 12 anos (nenos/as escolarizados ata 6º de primaria)

Características da actividade: Obradoiros culturais, xogos, bailes, contacontos, etc.

Prezo: Gratuito.

Prazas: Limitadas. Ocuparanse por orde de inscrición.

Inscricións: Dende luns **20** ata o **29 de marzo** na Casa da Cultura (Xanceda) ou no correo casadacultura@concellodemesia.gal

Máis información: teléfono **699 453 750**

Escola de pais e nais: CHARLA SOBRE TDAH



Día: 14 de abril

Características da actividade: Comezamos con esta nova actividade onde trataremos de poñer sobre a mesa inquedanzas de pais e nais sobre os/as fillos/as. Podedes trasladarnos os temas que vos interesen. A primeira charla será na CdC de Xanceda e tratará sobre o trastorno por déficit de atención con hiperactividad (publicaremos cartel con +info).

Inscricións e información: Casa da cultura ou concello. Faremos un listado con xente interesada para formar un grupo e avisar das novas charlas.

Saída OCIO E CINE



SPRING



AVENTURA MUNDOCIO

Día e horarios: luns, 3 abril.

10:00 Saída Casa da Cultura.

11:00 mañá de ocio:

SPRING Parque infantil para nenos e nenas (ata 9 anos).
AVENTURA MUNDOCIO Estacións para rapaces e rapazas de 10 anos en adiante. (Faredes grupos de 6/8 para xogar por amizade)

13:30 Chegada a comer pola voso conta.

16:00 Cine no Marineda City

18:00 Saída do bus de regreso, sobre 19h na Casa da Cultura

Prezo: 15 € sen cine. 20 € con cine.

Inscricións na Casa da Cultura ata o **27 de marzo**.

OBRAS PREVISTAS, A DÍA DE HOXE, A REALIZAR NO 2023 CON FONDOS PROPIOS E CON SUBVENCIÓNS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL

PROXECTO	ORZAMENTO
Camiño da Fonte (Bascoi) a Couto (Xanceda)	34.021,96 €
Camiño da Gandarela á Igrexa (Bascoi)	34.886,56 €
Camiño no Muíño Xan García (Bascoi)	10.982,07 €
Camiño Cruce Regueiro –Cruce Mou (Cabruí)	47.206,49 €
Camiño na Tieira (Cabruí)	19.403,90 €
Camiño na Casanova (Cabruí)	30.564,72 €
Camiño na Picha (Mesía)	3.854,41 €
Camiño en Leborís (Mesía)	16.376,15 €
Camiño Braña de Vilar a Vilar (Mesía)	12.800,70 €
Pavimentación Catro Camiños (Mesía)	8.891,71 €

PROXECTO	ORZAMENTO
Camiño Ponte Carballa-Cruce Soutelo (Olas)	127.090,60 €
Camiño en Leborís (Olas)	7.744,33 €
Camiño na Carballeira (Visantoña)	8.668,23 €
Camiño cara Filgueira (Visantoña) limite concello	8.200,94 €
Camiño AC-223 a Busto (Visantoña)	81.533,35 €
Parques e xardíns. Terreos e bens naturais	50.000,00 €
Infraestruturas deportivas	20.000,00 €
Reposición infraestrutura viaria	60.000,00 €
Xestión do patrimonio	20.000,00 €

A día de hoxe, as inversións en obras previstas realizar no ano 2023 ascenden a 602.226,12 €.

DEPORTE SOLIDARIO

XII Torneo de fútbol sala "MESÍA CONTRA O CÁNCRO"

Xoves **6 de abril**.

A partir das 10:00 h. no Pavillón de Olas. Semis e Finais a partir das 15:30 h.

A favor da Asociación Española Contra el Cáncer. Máis info na web.

V Torneo infantil "MESÍA SOLIDARIA"

Mércores **5 de abril**.

A partir das 15:00 h. no Pavillón de Olas.

Entrada-donativo: deportistas e público 2€ a favor de AMARAI, Asociación de persoas con diversidade funcional (de Boimorto).

DEPORTE E SAÚDE

Saídas BALNEARIO

Ofertamos as saídas ao Balneario de Brión a todas as persoas que estean empadroadas no concello.

Días: luns 17 e 24 de abril e os **8 e 15 de maio** de 14:30 a 19:00 h.

Prezo: 60 €/os 4 días. 18 €/cada día solto.

Observacións: O bus pasará polas parroquias de Olas, Visantoña, Mesía, Xanceda e Lanzá.

Inscripcións no Concello: **dende o 13 de marzo, ata completar o límite das 30 prazas.** Terán preferencia as persoas que se anoten os 4 días. **A inscrición formalizarase co pago**, non telefonicamente.

RUTA DE SENDEIRISMO

RUTA DOS MUIÑOS DE VILASANTAR

Día: 26 de marzo.

Saída: Praza de Xanceda ás 10:00 h.

Regreso sobre as 14h.

Ruta dificultade baixa, sobre **7 kms.**

Prezo: **5 €** (a pagar no bus).

Inscripcións: **ata 21 de marzo** na Casa da Cultura: 981 687 241. Mínimo de inscritos 20.

AVISOS

VOLUNTARIADO XUVENIL

O Concello de Mesía figura inscrito no rexistro de Acción Voluntaria de Galicia. Se **tes entre 18 e 30 anos** podes participar xa como voluntario/a no Departamento de Cultura e Deporte. As persoas voluntarias pagaráselles dietas de 6,00 €/día (como gastos de desprazamento e manutención). Anótate no Concello para este 2023.

RECOLLIDA DE VOLUMINOSOS

Segundo mércores de cada mes, deixar os enseres o lado do contenedor máis cercano o día antes, para garantir a recollida podedes chamar unha semana antes o teléfono: 639200204.

UNIDADE MÓBIL DO DNI

A unidade móbil do DNI desprazarase a Ordes nos días **18, 19, 22, 23 e 24 de maio**. Xa podedes pedir cita chamando ó Concello de Ordes 981680002

EXCURSIÓN

A finais de abril temos prevista unha excursión. Da data e lugar concreto avisaremos nos puntos de información habituais: Casa da Cultura (Xanceda), parroquias e paxina web do concello www.concellodemesia.gal.

ATENCIÓN:

**para información máis detallada e
cas últimas novidades visita**

FACEBOOK: CONCELLODEMESIA

WEB: WWW.CONCELLODEMESIA.GAL

